

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

- 14221** *Real decreto lei 11/2011, do 26 de agosto, polo que se crea a Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria, se regula a súa composición e funcións e se modifica o réxime xurídico do persoal laboral de Aena.*

I

A Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea, na redacción dada pola Lei 1/2011, do 4 de marzo, incorpora ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2009/12/CE, do 11 de marzo, sobre taxas aeroportuarias, e encomenda as funcións de supervisión do cumprimento das obrigas de consulta e transparencia establecidas na dita disposición á Autoridade Estatal de Supervisión.

Estas normas de consulta e transparencia obrigan a «Aena Aeropuertos, S.A.» e ás sociedades concesionarias a consultar, previamente á proposta ou establecemento das tarifas aeroportuarias, coas asociacións ou organizacións de compañías aéreas usuarias dos aeroportos sobre as modificacións ou actualizacións das ditas tarifas, ao mesmo tempo que lle exixen ao xestor aeroportuario que teña debidamente en conta os requirimentos e necesidades das compañías usuarias dos respectivos aeroportos.

O Real decreto lei 13/2010, do 3 de decembro, de actuacións no ámbito fiscal, laboral e liberalizadoras para fomentar o investimento e a creación de emprego, estableceu as liñas estratéxicas para impulsar a modernización e liberalización do sector aeroportuario, co obxectivo fundamental de incrementar os niveis de eficacia e eficiencia na xestión, rendibilizar os investimentos realizados e conseguir o máximo aproveitamento das infraestruturas.

A implantación do novo modelo de xestión aeroportuaria establecido no citado real decreto lei supuxo a creación e posta en funcionamento de «Aena Aeropuertos, S.A.» e permite, no seu artigo 10, que esta poida levar a cabo a explotación individualizada de calquera dos aeroportos a través dun contrato de concesión de servizos aeroportuarios en que o concesionario asuma a xestión do aeroporto polo seu propio risco e ventura.

O Consello de Ministros do pasado 15 de xullo autorizou a constitución de dúas sociedades anónimas, titulares de contratos de concesión, cuxa eficacia queda demorada ata a entrada de novos socios no accionariado das sociedades. Pola súa vez, o Consello de Ministros do pasado 29 de xullo autorizou a «Aena Aeropuertos, S.A.» para que desenvolva os procedementos de licitación pública que dean lugar á entrada de novos socios no accionariado das sociedades mercantís «Concesionaria del Aeropuerto de Barcelona-El Prat, S.A.» e «Concesionaria del Aeropuerto de Madrid-Barajas, S.A.», a través dunha ampliación do capital, de tal xeito que «Aena Aeropuertos, S.A.» conserve unha participación do 9,95% do capital social que deban ter as citadas sociedades logo da súa ampliación.

O actual proceso de licitación das sociedades concesionarias dos aeroportos de Madrid e de Barcelona require que no momento da entrada de novos socios exista unha autoridade dotada da independencia necesaria co sistema de gobernanza propio dun organismo regulador que poida supervisar de forma eficiente as decisións das sociedades concesionarias relacionadas co sistema ou nivel das tarifas aplicadas nos ditos aeroportos.

A existencia dun organismo regulador, independente e coa capacidade suficiente para poder velar polo cumprimento dos principios de transparencia, non discriminación, obxectividade e eficiencia nos procesos de determinación e actualización das tarifas aeroportuarias, é un requisito derivado da Directiva 2009/12/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de marzo, e considérase un elemento fundamental para seguir impulsando o desenvolvemento sustentable do sector do transporte aéreo no noso país, posto que a súa actividade será determinante para lle transmitir ao sector e, en particular,

ás sociedades concesionarias e ás compañías usuarias do aeroporto que os posibles desacordos tarifarios serán resolto polo dito organismo regulador de forma neutral, áxil e transparente, de acordo con principios de regulación económica internacionalmente recoñecidos. Xerárase así a certeza necesaria para que xestores aeroportuarios e compañías aéreas poidan seguir apostando polo desenvolvemento dos seus respectivos plans de negocio nos nosos aeroportos.

Para a inmediata posta en funcionamento deste organismo regulador, de xeito que a súa configuración sexa coñecida no momento da licitación do capital das sociedades concesionarias e que estea operativo no momento en que se proceda ao inicio da xestión dos aeroportos de Madrid-Barajas e Barcelona-El Prat por sociedades concesionarias, é de extraordinaria e urxente necesidade crear o organismo regulador obxecto deste real decreto lei, co réxime xurídico previsto na Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, e establecer as condicións mínimas que permitan o exercicio das súas funcións de forma inmediata.

II

Este real decreto lei crea a Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria como organismo regulador a que corresponde a supervisión das tarifas aeroportuarias e establece as súas singularidades en relación co resto dos organismos reguladores previstos na Lei 2/2011, do 4 de marzo, que se concretan basicamente na redución do número dos seus conselleiros a dous.

Abórdanse tamén as cuestións estatutarias adicionais ás previstas pola Lei 2/2011, do 4 de marzo, que se consideran necesarias para permitir a inmediata posta en funcionamento da Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria, tales como as relativas ao persoal ao seu servizo, o réxime de contratación, orzamentario, patrimonial e económico-financeiro, así como o de asistencia xurídica.

Así mesmo, delimitase o alcance das funcións da Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria establecidas para a autoridade de supervisión independente na Lei 21/2003, do 7 de xullo, atribuíndolle expresamente a competencia para fixar as modificacións ou actualizacións tarifarias que procedan ou, de ser o caso, os criterios que deberá seguir o xestor aeroportuario para que as actualizacións ou modificacións das ditas tarifas respondan aos principios e criterios establecidos legalmente. Esta atribución á Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria é coherente coa súa natureza de organismo regulador.

Tense en conta para iso a distinta natureza xurídica das tarifas aeroportuarias de «Aena Aeropuertos, S.A.» e as súas sociedades filiais, configuradas como prestacións patrimoniais públicas cuxo establecemento corresponde á lei, e as tarifas das sociedades concesionarias de servizos aeroportuarios, configuradas como prezos privados.

A Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria supervisará calquera proposta que elabore «Aena Aeropuertos, S.A.» para a súa incorporación ao anteproxecto de lei que corresponda, resolverá sobre a súa conformidade cos criterios previstos no artigo 101 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, e neste real decreto lei, así como se se adoptou logo dos trámites de consulta impostos pola citada norma.

A Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria só cursará a proposta de «Aena Aeropuertos, S.A.» cando garanta, entre outros, os principios de obxectividade, non discriminación, eficiencia e transparencia, a sustentabilidade dos aeroportos da rede de aeroportos de interese xeral, así como a suficiencia económica de cada aeroporto. Noutro caso, esta comisión poderá fixar a modificación tarifaria que proceda atendendo aos principios establecidos na Lei 21/2003, do 7 de xullo, e completados neste real decreto lei.

As decisións das sociedades concesionarias de servizos aeroportuarios só serán supervisadas pola Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria en caso de que sexan impugnadas polas asociacións ou organizacións representativas de compañías usuarias de aeroportos ou por estas individualmente. En tales supostos, e salvo terminación convencional do procedemento, a Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria poderá fixar a modificación tarifaria revisada que garanta o cumprimento dos principios establecidos neste real decreto lei.

Entre outros, establécense como principios para a fixación da modificación tarifaria revisada os relativos á recuperación de custos, á non discriminación, obxectividade e transparencia e os incentivos á eficiencia da xestión.

En todos os supostos, non obstante, prevese que a Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria intente evitar nas súas resolucións flutuacións excesivas das tarifas aeroportuarias en beneficio dos xestores aeroportuarios e das compañías usuarias.

Establécense, por outra parte, as previsións necesarias para asegurar o inmediato inicio efectivo de funcións da Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria.

III

Así mesmo, recóllese neste real decreto lei a modificación do réxime xurídico do persoal laboral da entidade pública empresarial Aeroportos Españois e Navegación Aérea (Aena).

A este respecto cabe sinalar que a Lei 9/2010, do 14 de abril, pola que se regula a prestación de servizos de tránsito aéreo, se establecen as obrigas dos provedores civís dos ditos servizos e se fixan determinadas condicións laborais para os controladores de tránsito aéreo, prevé no punto 4 da súa disposición transitoria primeira a facultade de Aena para contratar novos controladores de tránsito aéreo baixo calquera das modalidades previstas no Estatuto dos traballadores, polo que este colectivo non está suxeito, de feito, desde aquela, aos límites da oferta de emprego público.

Polo que respecta ao resto do persoal da citada entidade, sometido ao quinto Convenio colectivo de Aena, o Real decreto lei 13/2010, de modernización do sistema aeroportuario, prevía a creación da sociedade mercantil estatal «Aena Aeropuertos, S.A.» e, especificamente, no seu artigo 8 d) que esta se subrogaría, como así o fixo, nos contratos subscritos por Aena respecto do persoal que desempeña funcións aeroportuarias (arredor de 8.700 traballadores), persoal que seguirá a se rexer polos convenios colectivos vixentes, quedando, por tanto, a outra parte do cadro de persoal (arredor de 2.200 traballadores dos sometidos ao quinto convenio colectivo) adscrito á entidade pública empresarial Aena.

Tras a negociación mantida coas organizacións sindicais representativas do colectivo de traballadores non controlador de Aena, para a implementación do proceso de modernización do sistema aeroportuario, pactouse que o quinto Convenio colectivo de Aena se converterá no primeiro Convenio colectivo de grupo para Aena, «Aena Aeropuertos, S.A.» e as súas filiais, así como que o novo convenio colectivo de grupo non disporá de limitacións adicionais ás que dispuxese o convenio colectivo propio do persoal laboral de «Aena Aeropuertos, S.A.», como sociedade mercantil estatal.

Por tanto, tendo en conta que o modelo actual de xestión aeroportuaria pretende unha maior autonomía organizativa e de xestión dos recursos á nova sociedade mercantil estatal «Aena Aeropuertos, S.A.», co fin de non dificultar esa xestión e diminuír a conflitividade laboral que puiden supor un tratamento diferenciado para o persoal suxeito a un mesmo convenio, polo feito de pertencer a entidades dun mesmo grupo, pero con marcos xurídicos diferentes, proponse que, para todos os efectos relacionados co réxime xurídico, negociación colectiva e contratación do persoal, o persoal sometido ao quinto Convenio colectivo da entidade pública empresarial Aena dispoña do mesmo réxime xurídico que o da sociedade mercantil estatal «Aena Aeropuertos, S.A.».

O persoal da entidade pública empresarial a que se refire a disposición proposta quedará, por tanto, sometido ao réxime de control establecido para a sociedade mercantil «Aena Aeropuertos, S.A.» e seranlle de aplicación os criterios de austeridade e as medidas de control que en cada momento se dispoñan para as sociedades mercantís estatais, tanto a nivel normativo como a través dos acordos que para o efecto adopte a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, sobre pautas para a negociación colectiva nas sociedades mercantís estatais, restrición nos incrementos de masas salariais dos convenios colectivos e das retribucións do persoal directivo e do persoal non suxeito a convenio colectivo.

Para iso, modifícanse os mecanismos de control existentes sobre o persoal laboral da entidade pública empresarial Aena antes citada, no que concirne á extensión do convenio, redistribución de postos, cambios de adscrición, modificacións das relacións de postos de traballo ou reasignación de complementos. Así mesmo, ese persoal, tanto canto á oferta pública de emprego como ao sistema retributivo, quedaría en idénticas condicións ás que resulten de aplicación ao persoal laboral das novas sociedades mercantís estatais xurdidas do Real decreto lei 13/2010.

Por último, modifícanse a Lei 2/2011, do 4 de marzo; a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e a Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, para incorporar ás súas disposicións este novo organismo regulador; así como a Lei 21/2003, do 7 de xullo, para establecer que as mencións realizadas nela á Autoridade Estatal de Supervisión se deberán entender referidas á Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria e prever a participación das sociedades de vixilancia que exerzan funcións de vixilancia e control da concesión de servizos aeroportuarios no procedemento de consulta previsto no artigo 102 da citada Lei 21/2003.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta do ministro de Fomento, da vicepresidenta de Goberno de Asuntos Económicos e ministra de Economía e Facenda, do vicepresidente do Goberno de Política Territorial e ministro de Política Territorial e Administración Pública, logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de agosto de 2011,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria

Artigo 1. Creación da Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria.

1. Créase a Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria como organismo regulador do sector do transporte aéreo en materia de tarifas aeroportuarias, co obxectivo de velar pola obxectividade, non discriminación, eficiencia e transparencia dos sistemas de establecemento e revisión das tarifas aeroportuarias.

Nos termos que se establezan regulamentariamente, a Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria poderá asumir competencias como organismo regulador dos provedores de servizos de navegación aérea no seu ámbito económico, co obxecto de velar pola obxectividade, non discriminación, eficiencia e transparencia dos sistemas tarifarios de navegación aérea establecidos.

2. A Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria configúrase como un organismo público dos previstos no título I, capítulo II, da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, e con plena independencia no cumprimento dos seus fins.

3. A Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria relaciónase no exercicio das súas funcións co Goberno e coa Administración xeral do Estado a través do titular do Ministerio de Fomento.

Artigo 2. O Consello e o seu presidente.

1. Serán membros do Consello da Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria o presidente do organismo, que tamén será do Consello, e dous conselleiros.

2. O Consello entenderase validamente constituído coa asistencia do presidente e un conselleiro. A asistencia dos conselleiros ás reunións do Consello é obrigatoria, salvo casos xustificadas debidamente.

3. O Consello aprobará o Regulamento de funcionamento interno do seu organismo, en que se regulará a actuación dos seus órganos, a organización do persoal, o réxime de

transparencia e de reserva da información e, en particular, o funcionamento do Consello, incluíndo o seu réxime de convocatorias e sesións, e o procedemento interno para a elevación de asuntos para a súa consideración e a súa adopción.

A aprobación do regulamento requirirá o voto favorable do presidente e, polo menos, un conselleiro.

4. Os demais aspectos relativos ao funcionamento do Consello e ás funcións do seu presidente rexeranse polo previsto no artigo 12, números 1, 3, 4, 6, 7 e 8, da Lei 2/2011, do 4 de marzo.

Artigo 3. *Réxime retributivo do Consello.*

A retribución do presidente e os conselleiros será fixada pola ministra de Economía e Facenda de acordo co procedemento establecido para os altos cargos de entes e entidades de dereito público nas correspondentes leis de orzamentos xerais do Estado.

Artigo 4. *Réxime de persoal da Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria.*

O persoal ao servizo da Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria será funcionario ou laboral nos termos establecidos para a Administración xeral do Estado, de acordo co que se dispoña regulamentariamente.

En todo caso, quedarán reservados a funcionarios de carreira os postos que comporten o exercicio das funcións que impliquen unha participación directa ou indirecta no exercicio das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais do Estado e das administracións públicas.

Artigo 5. *Réxime de contratación.*

Os contratos que subscriba a Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria axustaranse ao disposto na lexislación sobre contratación do sector público, e será o seu órgano de contratación o presidente.

Artigo 6. *Réxime orzamentario.*

1. A Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria elaborará anualmente un anteproxecto de orzamento, segundo a estrutura que determinará o Ministerio de Economía e Facenda, que será remitido a través do Ministerio de Fomento para a súa incorporación ao proxecto de orzamentos xerais do Estado.

2. As variacións que se introduzan no orzamento serán autorizadas de acordo co disposto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

3. Correspóndelle ao presidente da Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria aprobar os gastos e ordenar os pagamentos, salvo os casos reservados á competencia do Goberno, así como efectuar a rendición de contas do organismo de conformidade co disposto na Lei 47/2003, do 26 de novembro.

Artigo 7. *Réxime económico-financeiro e patrimonial.*

1. A Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria terá patrimonio propio e independente do patrimonio do Estado.

2. Os recursos da Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria estarán integrados:

a) Polos bens e valores que constitúan o seu patrimonio, así como os produtos e rendas deste.

b) Polas transferencias que se efectúen, de ser o caso, con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

c) Polos ingresos obtidos pola liquidación de taxas xeradas no exercicio das súas funcións.

d) Polos demais ingresos de dereito público ou privado que estea autorizada a percibir.

3. O control económico e financeiro da Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria efectuarao a Intervención Xeral da Administración do Estado, de acordo co disposto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, sen prexuízo das funcións que lle correspondan ao Tribunal de Contas.

Artigo 8. *Réxime de contabilidade aplicable á Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria.*

A Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria formulará e renderá as súas contas de acordo coa Lei 47/2003, do 26 de novembro, e cos principios e normas de contabilidade recollidos no Plan Xeral de Contabilidade Pública e nas súas normas de desenvolvemento.

A Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria formulará as contas anuais no prazo máximo de tres meses desde o peche do exercicio económico.

Artigo 9. *Asistencia xurídica.*

A asistencia xurídica, representación e defensa en xuízo da Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria corresponde aos avogados do Estado integrados no Servizo Xurídico do Estado, cuxo centro directivo superior é a Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico, no marco do establecido na Lei 52/1997, do 27 de novembro, de asistencia xurídica do Estado e institucións públicas, e na súa normativa de desenvolvemento.

CAPÍTULO II

Funcións

Artigo 10. *Funcións.*

Son funcións da Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria:

a) A función de supervisión do cumprimento do procedemento de transparencia e consulta levado a cabo por «Aena Aeropuertos, S.A.» e as sociedades concesionarias de servizos aeroportuarios, conforme o disposto nos artigos 98 e 102 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea.

b) A función de supervisión das tarifas aeroportuarias de «Aena Aeropuertos, S.A.», das súas sociedades filiais e das sociedades concesionarias de servizos aeroportuarios, conforme o previsto nos artigos 101 e 103 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, e neste real decreto lei, establecendo, se é o caso, o importe ou os criterios que deberá seguir o xestor aeroportuario para que as modificacións ou actualizacións tarifarias se axusten ao contido dos citados artigos e deste real decreto lei.

c) Calquera outra función que lle atribúan as leis e as disposicións regulamentarias para o cumprimento dos seus fins.

Artigo 11. *Función de supervisión do procedemento de transparencia e consulta.*

1. No exercicio das funcións de supervisión previstas no artigo 10, letra a), cando a Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria constate que a proposta de actualización ou modificación das tarifas aeroportuarias de «Aena Aeropuertos, S.A.» e as súas sociedades filiais, ou a decisión das sociedades concesionarias de servizos aeroportuarios sobre o sistema ou nivel das súas tarifas aeroportuarias, se realizou prescindindo do procedemento establecido nos artigos 98 e 102 da Lei 21/2003, do 7 de xullo:

a) Declarará a inadmisión da proposta de «Aena Aeropuertos, S.A.» e requirirá a sociedade mercantil estatal para emendar as deficiencias detectadas.

Transcorrido o prazo concedido para o efecto sen que se emendasen as deficiencias detectadas ou manténdose as condicións da inadmisibilidade da proposta, a Comisión de

Regulación Económica Aeroportuaria remitiralle a proposta de modificación tarifaria que considere razoable, debidamente xustificada e na cal consten as irregularidades identificadas, ao órgano competente para a súa incorporación ao anteproxecto de lei que corresponda.

b) Resolverá a inaplicación das modificacións tarifarias establecidas pola sociedade concesionaria de servizos aeroportuarios e determinará, de forma xustificada, a modificación tarifaria revisada que substituirá o contido da decisión da sociedade concesionaria sobre o sistema ou o nivel das súas tarifas aeroportuarias.

2. Noutro caso, a constatación de irregularidades no procedemento de consulta e transparencia previsto nos artigos 98 e 102 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, dará lugar á emisión de recomendacións da Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria sobre as medidas que se vaian adoptar en futuras consultas, incluída a necesidade de amplialas ás compañías usuarias do aeroporto non asociadas ás asociacións ou organizacións representativas de usuarios.

Artigo 12. Función de supervisión das propostas sobre tarifas aeroportuarias de «Aena Aeropuertos, S.A.» e das súas sociedades filiais.

1. A Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria, no exercicio das funcións de supervisión das tarifas aeroportuarias de «Aena Aeropuertos, S.A.» e as súas sociedades filiais, remitirá a proposta de modificación ou actualización das tarifas aeroportuarias realizada pola sociedade mercantil estatal ao órgano competente para a súa inclusión no anteproxecto de lei que corresponda, unha vez que, conforme as resolucións adoptadas no exercicio das súas funcións de supervisión, verifique que a proposta cumpre cos requisitos establecidos nos artigos 91 e 101.1 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, e ademais:

a) Observa a regulación nacional, comunitaria e internacional aplicable en relación á fixación de tarifas para actividades reguladas.
b) Responde a criterios de eficiencia.

2. Noutro caso, a Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria comunicarlle a «Aena Aeropuertos, S.A.» a modificación tarifaria revisada ou, de ser o caso, os criterios que debería seguir a sociedade mercantil estatal para que a proposta garanta o cumprimento do disposto no número anterior e o prazo para presentar a nova proposta axustada a eses criterios.

Recibida a comunicación de «Aena Aeropuertos, S.A.», ou transcorrido o prazo concedido para o efecto sen obtela, a Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria remitiralle a modificación tarifaria revisada que proceda ao órgano competente para a súa inclusión no anteproxecto de lei que corresponda. Na proposta da Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria farase constar de xeito claro e preciso a modificación tarifaria proposta por esta comisión, así como o punto de vista do xestor aeroportuario.

3. A modificación tarifaria revisada da Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria axustarase aos principios e metodoloxía establecidos no punto primeiro deste artigo.

4. No establecemento da modificación tarifaria revisada, a Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria intentará nas súas resolucións evitar flutuacións excesivas das tarifas aeroportuarias, sempre e cando sexa compatible co resto de principios deste artigo e o resto do marco regulatorio para a modificación de tarifas.

Artigo 13. Función de supervisión das decisións sobre tarifas aeroportuarias das sociedades concesionarias de servizos aeroportuarios.

1. A Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria, no exercicio das funcións de supervisión sobre as decisións das sociedades concesionarias de servizos aeroportuarios relativas á modificación do sistema ou nivel das súas tarifas aeroportuarias, resolverá sobre os recursos que interpoñan fronte ás ditas decisións as asociacións ou

organizacións representativas de compañías usuarias do aeroporto ou, nos termos en que se desenvolve regulamentariamente, os que puidesen presentar individualmente as compañías usuarias do aeroporto. Esta resolución incluírá a modificación tarifaria revisada que proceda e, se é o caso, os estándares que se correspondan cos indicadores e niveis de calidade de servizo que considere aceptables e consistentes coa modificación tarifaria revisada.

Neste procedemento, a Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria verificará que a decisión da sociedade concesionaria de servizos aeroportuarios se axusta aos requisitos establecidos no artigo 103.1 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, e responde aos principios establecidos no punto seguinte.

2. Os principios a que se axustará a modificación tarifaria revisada serán os seguintes:

- a) Observancia da regulación nacional, comunitaria e internacional aplicable en relación á fixación de tarifas para actividades reguladas.
- b) Non discriminación, obxectividade, eficiencia e transparencia.
- c) Recuperación de custos, incluíndo o custo de capital.
- d) Máxima flexibilidade para a fixación de tarifas por parte da sociedade concesionaria de servizos aeroportuarios, dentro dos límites que impoña a modificación tarifaria revisada.
- e) Introducción de incentivos á eficiencia na xestión da sociedade concesionaria.

3. No establecemento da modificación tarifaria revisada, a Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria intentará nas súas resolucións evitar flutuacións excesivas das tarifas aeroportuarias, sempre e cando sexa compatible co resto de principios deste artigo e co resto do marco regulatorio para a modificación de tarifas.

Disposición adicional primeira. *Inicio de funcións.*

No prazo de vinte días desde a publicación do real decreto de nomeamento do presidente e dos demais membros do Consello, procederase á constitución e entrada en funcionamento da Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria e ao nomeamento do secretario do Consello.

O exercicio efectivo das funcións atribuídas á Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria iniciarase na data que para o efecto se determine por orde do ministro de Fomento e, en todo caso, antes do 31 de decembro de 2011.

Disposición adicional segunda. *Actualización de referencias.*

As mencións á Autoridade Estatal de Supervisión regulada no título VI da Lei 21/2003, do 7 de xullo, que se conteñen na dita lei ou en calquera outra disposición, acto administrativo e, de ser o caso, nos contratos de concesión de servizos aeroportuarios, deberanse entender realizadas á Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria.

Disposición adicional terceira. *Réxime xurídico do persoal laboral de Aena.*

A negociación colectiva, a contratación e o réxime xurídico do persoal laboral da entidade pública empresarial Aena que non teña a condición de controlador de tránsito aéreo será o legalmente establecido para o persoal de «Aena Aeropuertos, S.A.»

Disposición transitoria única. *Disposicións transitorias.*

Mentres a Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria se dote do persoal propio, o Ministerio de Fomento prestaralle a asistencia precisa para o exercicio das súas funcións.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas todas aquelas disposicións de igual ou inferior rango en canto contradigan ou se opoñan ao disposto neste real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable.*

Modifícase o artigo 8, números 1 e 2, da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. Para os efectos do previsto neste capítulo, teñen a consideración de organismo regulador as actuais Comisión Nacional de Enerxía, Comisión do Mercado das Telecomunicacións, Comisión Nacional do Sector Postal e Comisión Nacional do Xogo.

Tamén ten esta consideración a Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria.

2. Sen prexuízo do anterior, serán de aplicación á Comisión Nacional da Competencia o número 2 do artigo 9, os números 2, 3, 5, 6, 7, 8 e 9 do artigo 12, o artigo 13, os números 1, 3 e 4 do artigo 15, o artigo 16, o artigo 19, o número 3 do artigo 20, o artigo 21 e o artigo 24 desta lei. O director de Investigación da Comisión Nacional da Competencia, dada a súa condición de alto cargo da Administración xeral do Estado, estará sometido ao réxime establecido no artigo 15.3.

A composición e o funcionamento do Consello da Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria rexeráse polo disposto na súa lexislación específica.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.*

Modifícase a disposición adicional cuarta, número 5, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, que pasa a ter a seguinte redacción:

«5. Os actos administrativos ditados pola Axencia Española de Protección de Datos, a Comisión Nacional de Enerxía, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións, a Comisión Nacional do Sector Postal, a Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria, o Consello Económico e Social, o Instituto Cervantes, o Consello de Seguridade Nuclear, o Consello de Universidades e a Sección Segunda da Comisión de Propiedade Intelectual, directamente, en única instancia, ante a Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.*

Modifícase o número 1 da disposición adicional décima da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, o cal quedará redactado nos seguintes termos:

«1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores, o Consello de Seguridade Nuclear, o ente público RTVE, as universidades non transferidas, a Axencia de Protección de Datos, o Instituto Español de Comercio Exterior (Icex), o Consorcio da Zona Especial Canaria, a Comisión Nacional de Enerxía, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións, a Comisión Nacional da Competencia, a Comisión Nacional do Sector Postal, o Consello Estatal de Medios Audiovisuais, a Comisión Nacional do Xogo e a Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria rexeráanse pola súa lexislación específica e supletoriamente por esta lei.

O Goberno e a Administración xeral do Estado exercerán respecto de tales organismos as facultades que a normativa de cada un deles lles asigne, de ser o caso, con estrito respecto aos seus correspondentes ámbitos de autonomía.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea.*

Modifícase o artigo 102 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea, para incluírle un número 5 do seguinte teor:

«5. Antes de iniciar o procedemento de consulta previsto neste artigo, a sociedade concesionaria deberá solicitar o parecer da sociedade de vixilancia que exerza as funcións de vixilancia e control da dita concesión, en caso de que esta exista, sobre as modificacións tarifarias que pretenda aplicar, e a súa adecuación ao contido do contrato de concesión.

O informe emitido pola sociedade de vixilancia da dita concesión integrarase na información que o concesionario debe facilitar ás compañías usuarias do aeroporto conforme o previsto no número 4».

Disposición derradeira quinta. *Desenvolvemento regulamentario.*

Regulamentariamente dítanse as disposicións de aplicación e desenvolvemento deste real decreto lei e a metodoloxía de actuación da Comisión de Regulación Económica Aeroportuaria.

Disposición derradeira sexta. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro da competencia exclusiva que lle atribúe ao Estado o artigo 149.1.20.^a da Constitución en materia de aeroportos de interese xeral.

Disposición derradeira sétima. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de agosto de 2011.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO